

*La organización del sindicato
en los lugares de trabajo
(Empresa y Administración
pública)*

M.
Álvarez
de la Rosa

1ª ed., Civitas, Madrid, 1991, 188 pp.

A monografía que comentamos, do prof. Alvarez de la Rosa, catedrático de Dereito do Traballo na Universidade de 'La Laguna', constitúe un estudio de Dereito español vixente. Como o propio autor advirte desde a primeira páxina, non se pretende un estudio histórico das formas de organización do sindicato na empresa, senón centrarse estrictamente no sistema que hoxe está vixente en España. O obxecto da obra é pescudar nas formas a través das que o sindicato desenvolve os seus fins.

Agora ben, o libro resulta de interese non só para o laboralista *stricto sensu*, senón tamén para o estudioso do Dereito Administrativo e da Administración pública en xeral, e isto porque o autor adopta un xeneroso punto de vista. En efecto non limita a súa análise á actividade do sindicato nos centros de traballo de empresas (públicas ou privadas), se-

nón que o estende á actividade sindical na Administración pública, constituíndo, en consecuencia, un estudio, tamén do dereito da Función pública. Nisto o autor parte dunha constatación: a sindicalización dos funcionarios públicos, isto é, o achegamento destes “al modelo de representación de intereses y al de negociación de condiciones de empleo” dos traballadores.

A obra consta de tres capítulos. O primeiro titúlase “La estructura constitucional de la actividad sindical”. Nel, pártese do principio de liberdade sindical, analizando o seu principio e implicacións, para deducir de aquí o dereito de todo sindicato a auto-organizarse. Dentro desta auto-organización entra xa o dereito a constituír seccións sindicais nos centros de traballo, empresa e Administración.


O autor sacou así a escena o primeiro protagonista da súa obra: a sección sindical. Grande parte do estudio versará sobre ela: a súa constitución, a súa tipoloxía e a súa actividade material.

O segundo capítulo leva por rúbrica: “Formación y representación de los órganos sindicales”, e nel desentrañase o relativo á constitución das seccións sindicais (requisitos, proposición, formalidades, ámbito territorial adecuado, etc.) e a súa tipoloxía variada, distinguindo entre seccións sindicais dos sindicatos con implantación, seccións dos sindicatos máis representativos e seccións de calquera outro sindicato. O capítulo estudia, en último lugar e con iso o autor preséntanos o segundo protagonista, a representación das seccións sindicais, distinguindo neste punto entre os delegados previstos na LOLS e os “extra-legais” (ou *praeter legem*). Como é natural, o prof. Alvarez centra prioritariamente a súa atención no delegado previsto na lei, expoñendo os requisitos para que este delegado poida crearse, e realizando un excursus específico sobre el na práctica convencional.

O título do terceiro e último dos capítulos é “La actividad de los órganos sindicales”. Pode considerarse o capítulo central da obra, pois con el acádase a comprensión do sentido das seccións e delegados sindicais do noso Dereito. O autor fixa o seu estudio non só nos fins últimos da acción sindical na empresa (o caso tríplico: negociación colectiva, folga e interposición de conflitos colectivos), senón tamén, e especialmente, nos dereitos instrumentais das seccións sindicais: o dereito á información, o de reunión e asemblea, e

o de recadación de cotas. Do segundo protagonista –o delegado sindical– analízanse os seus dereitos e garantías, en paralelismo cos propios dos representantes unitarios do persoal (dereitos de información, reunión, audiencia, garantías de protección e permanencia, crédito de horas). O capítulo péchase coa aparición dun terceiro protagonista: os cargos electivos sindicais, que, como órganos do sindicato, desenvolven unha actividade na empresa.

Ó longo da obra, o profesor Alvarez de la Rosa realiza unha análise da lexislación (fundamentalmente a LOLS, o ET e a LRAP), con atención á xurisprudencia, non só á constitucional, senón tamén á ordinaria (tanto do TS coma do TCT, a AN ou os TTSSX). Un aspecto digno de esencial mención é a análise da práctica convencional (aínda que só da interprovincial publicada no BOE), o que sempre resulta ilustrativo e realista. O autor está, en fin, atento á contribución científica, non só da doutrina española, senón tamén da estranxeira, especialmente da italiana. A bibliografía, extensa (arredor de douscentos títulos), coa que se pecha o volume, é unha proba desa atención.

En conclusión, a obra do prof. de 'La Laguna' é de recomendable lectura para todo aquel estudioso que se interese por un tema tan crucial en "la configuración jurídica de cualquier sistema de relaciones laborales fundado en la libertad sindical" como é o da actividade sindical nos lugares de traballo. 

Francisco Javier Gómez Abelleira